

Onde remata o vello mundo...

Salvador Lorenzana

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LORENZANA, SALVADOR (2011 [1952]). “Onde remata o vello mundo...”. *Alborada. Órgano del Centro Gallego de Barcelona*: 1952, 17 e 19. Reedição en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/747>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LORENZANA, SALVADOR (1952). “Onde remata o vello mundo...”. *Alborada. Órgano del Centro Gallego de Barcelona*: 1952, 17 e 19.

* Edición dispoñíbel desde o 23 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Onde remata o vello mundo...

SALVADOR LORENZANA

Por estes días, fai agora anos, percorríamos as bisbarras fistérricas, bravosas, de Galicia. Inda se mantén viva en nós, a lembranza emocionada de aquelas andadas. Alí sentimos, vibradoira, potente, a sensación de extremo ocidente. Tras de nós estaba toda Europa, toda Asia, a guerra das almas, as civilizacións, a historia. Pero diante de nós estaba o mar, todo o mar...

Por moi longos que pra os nosos ollos seían os espazos infindos, na terra teñen decote un tope ó alcontrar un soleiro. Mais cara aquí océano, onde remata o vello mundo, nada detén a ollada. A liña de tanxencia ó horizonte, se non atingue. Podemos correr coa nosa idea como a onda da radio, sin achar a Atrántida de Platón. Somentes a arfada; ceo e auga tan só, na estera que sobrecolle.

Matinamos nistes intres na imponente beleza das paraxes que fai anos atravesabamos, ensoñados. Matinamos na necesidade de voltar máis aseguibres ós visitantes de fora de Galicia —e aínda ós de dentro— as roitas que levan ós nosos panoramas do vello universo. Máis, moito máis que nos decantados escearios —femeninos e moles— das Rías Baixas, está presente o esprito galego no baril espeitago da bravosa costa.

Nas horas craras da invernia non hai paisaxe nistes horizontes. Hai un a xeito de panteismo, sin verbas, fondo, e indiferente á literatura. Tan soio os fachos, as rochas, o musgo que guía a proa. E como protagonistas inmorrentes, o mar, os ventos, os piñeiros. Isis protagonistas singulares que rixen no barudo verso dos poetas de aquelas terras: Eduardo Pondal e Gonzalo López Abente.

A voz do mar, e a elegía dos cabos

Eiquí, nistas costas rematadoras, temos sentido fondamente a inorme diástole do corazón atrántico. O mar que as bate fagutasenos carne, latexaba canda nós. Era como si o océano se trocasse en sangue nosa, e nos asolagase, afogándonos. Tentábamos no corpo a máis rexa sensación de esmagamento.

Pondal dixo na súa estrofa de bronce a témera impresión distes estesos horizontes mareiros, presente na rexa sinfonía dos farellós. Espresou con verso inequal, o cósmico puxilato da terra e do mar. Compuxo a elegía dos cabos; cabos ergueitos, asexantes, que albiscan os ronseles mariñeiros; que fitan por riba dos estremeros salgados as terras vagorosas dunha lonxenia prometida.

Tamén López Abente erguéu seu rexo tón cantando ó Touriñán, sobervoso curuto, monte rudo. Encarándose coa Buitra, adevirtelle:

“Antre o xordo balbor do teu alento
xurden montañas de fervente escuma.”

I é que os cabos teñen un outo cometido que cumprir no xogo poético do panorama féro. Mergúllanse a cotío no Atrántico, coma inornes ou mitolóxicos cetáceos, cos seus lombos ó descuberto. Adiantan sobre do mar,

fondamente; pero son, asemade, centinelas das máis compridas perspeitivas, na costa escarnizada e salvaxe.

A vos do mar brúa, perdurabre, na maravillosa soedade. Na ringulleira de crebadas, choutan as vagas como carpas, caen en fervenzas; e o bordoneo do rolo pon seu encaixe —azul e branco— sobre a bouga cincenta das areosas.

O misterio dos ventos

Os ventos conxugan co mar, nos cabos do mundo, os máis estranos concertos, López Abente invócaos;

“O mar e o vento teñen
con voces atroadoras
berrando (paso ceibe
deixade á marcha nosa).
Fero o pedrogullento
cantil da brava costa
enfesto, rexo e irto
nin trema, nin se axota”.

Unhas veces é o nordés fugarador, que xoga coas guedellas de prata do vello mariñeiro. Outras, ergue cara enriba, co pulo da norestada, o pó de auga das crebadas. De cote é o mandadeiro da loita perpetua do mar contra os penados. A Cotío envenia coma o deleito, sobre o que se volta.

O vento do norte óucese tamén eiquí coma en ningués. E' daquela o poldro boreal, o cabaliño solar que empreña as eguas nos ernos veciños, e arrasta —baixo da empalidecida polar— un longo manto de néboa e frío. Cando nistes estremeros axotan os ventos do cadrante, cruzan as gueivotas, que se aledan, frúense nos trebós, e os paxaros dos arredores andan á precura de agarimo. Os ventos amorean, ás veces, no ceo, as grandes, as fabulosas nubes cobertas de castelos grises, e ispen aínda máis a terra. Crébanse sobor dos bicos fistérricos, denantes de se espaxer por Europa logo.

Istes ventos do océano salgado, gris, levan no seu peito montañas e fragas; arrastan barudamente as areas das areosas, no seu vó frenético. O pasar tanguen no lizgairo arume dos piñeiros, notas novas, e nalgunha ocasión guindan sobre o orballo rodas de ombra acobilladora. Alvaro Cunheiro evocou xa, de xeito deleitoso, ó vento celta e pondalián, do que Montes falara poéticamente. O vento que fai sufrir e berrar ós baixíos de Camelle; que tén calcado siñas esgrevias nos rochedos. O vento na barra salaia nas cordas de ferro, e co seu roupaxe frío lava os reflexos do ceo bergantiñán.

Os rumores dos pinos

E logo os piñeiros, que soñan eternamente nista agreste soedade. A sus voz, adida á dos ventos, está namorada da podente voz do mar:

“Os pinos fan doce son:
Nista doce soedade
apértase o corazón.”

Así fala o poema pondalián. O piñeiral de Morico; ós pinares de Morás... Brazos nús na ombra dos rumoresos; nús como a lúa que se enfondura nas ponlas, “como a barca —tamén curva— nos sargazos”.

Galicia recende a piñeiral, de norde a sul. Pero é nas irtas paraxes da bravosa costa, e aínda nas terras labradas da súa veciñanza, onde o seu recendo é máis caletrante e simbólico. O propio pinar que encandra, rexamente a terra de Bergantiños, tan amada por Pondal, espaxere avivecemento o fondo siñificado.

O pino é albre nutrida de acerba seiva, regada de sanguinamento suor. Quen di piñeiros atránticos, semella que di unha nova especie botánica. Os piñeiros galegos tiveron un longuíssimo comento literario. O máis baril poeta da nosa lírica adicoulles seus dous millores libros. Os piñeiros, como o mar, son inquedos, aquietadores. Unxímonos do gostoso acongo que peneira a súa fronda escura, don tremeroso da poesía. Son albres doadas á confidencia. Emporiso o Bardo de Ponteceso departiu co íles, cal si foran o xenio da súa terra e os profetas da súa historia.

(Continúa a la página 19)

SALVADOR LORENZANA, pseudónimo de Francisco F. del Riego, nació en Lorenzana, Lugo, en 1910, y reside en Vigo. Es Licenciado en Derecho y ocupa una extraordinaria posición en el panorama de nuestras Letras actuales. A él se debió la altura literaria y la preocupación por nuestra espiritualidad que dió tanta difusión a “La Noche”, de Santiago. Es el creador y animador de “Galaxia”, superadora de una etapa crítica de nuestra cultura y que marcará la de una nueva generación en el servicio y el sacrificio de nuestro espíritu. Su producción literaria es abundantísima y dispersa. La tónica de su estilo es la de una gran cultura en función de amplia generosidad intelectual y apasionado amor a Galicia. Nuestros votos porque la nave de “Galaxia”, con su capitán, persistan en sus singladuras pese a todas las dificultades.

EN LEGITIMA DEFENSA

MARIANO GIMENO PÉREZ

De la Casa de la Troya a los Colegios Mayores de hoy, va una distancia que no se puede medir...

...La Casa de la Troya se ha quedado muy atrás, empapelada, casi arqueológicamente, en unas páginas sentimentales de novela trasnochada. (J. Vega Picó, en *España*, de Tánger.)

¡Alto allá!, amigo "reporter". Bien está el enfoque de esa película, que tú mismo consideras breve y fugaz reflejo de la vida escolar en un Colegio Mayor. Buen "reportaje"; qué bien se ve a tus estudiantes —orden y disciplina— cronometrando sus más insignificantes actividades. No se saldrán de su cauce, no, que para evitarlo están, la rigidez inexorable de vuestro reloj oficial y la vigilante mirada del Padre Rector, alertando cualquier posible fraude al régimen del establecimiento. Bien tasadas las horas de estudio; sabia distribución la de los recreos y salidas; ordenadísimo el trámite escolar del almuerzo; con sus dos turnos separados por esos treinta inflexibles minutos; aceptable la rotunda prohibición de salidas nocturnas; nada es censurable, pero... ¡alto allá!, "reporter" amigo.

No desquiciemos las cosas estableciendo parangones, odiosos por definición, ni adoptemos posturas por demasiado gallardas humillantes para los demás.

Loable idea la de esos Colegios Mayores; y me expondría a atraer sobre mí la justificada indignación de los estudiantes de hoy si otra cosa que un aplauso dijera yo que merece tan prodigada institución; y aún no tomara la pluma para pergeñar estas líneas sino me hallara tan vinculado a los "troyanos" como lo estoy por razones de temperamento y geográficas.

Y es dentro del marco santiagués, en su propia salsa, donde has de ver al estudiante, que, si por temperamento, en cualquier Universidad del mundo puede ser "troiano", sólo en la ciudad compostelana puede escribir las páginas de "La casa de la Troya".

Y esas páginas, "reporter" amigo, son algo más que el recuerdo apergaminado de una novela trasnochada. Para los que en Santiago fuimos estudiantes son, una pena de ausencia; un recuerdo nostálgico. Aun fueron de un ayer próximo, mis años universitarios, y se conservan sin empolvar en el archivo de mis recuerdos, catalogadas distintamente, las dos épocas que pretendes (y tuya sea la razón), separadas por una diferencia abismal.

La estudiantina alegre y bullanguera de doña Generosa, aglutinada por su sola condición estudiantil; y la de hoy, disciplinada milicia universitaria, formada en vuestros Colegios Mayores.

Sí, caro "reporter", no tan lejos en el tiempo, que a los dos alcanzó mi generación.

En Santiago, sólo precediendo en un lustro al arribo de la milicia a los claustros universitarios, todavía se conservaban pródigamente distribuidas muchas "casas de la Troya", y la algarabía estudiantil tenía aún tonos de troya de Lugin, y la vida santiaguesa seguía tan empapada de aquellos estudiantes, y el estudiante estaba tan ajustado a la universitaria Compostela que sería exagerada pero no inexacta la figura representativa de una perfecta simbiosis.

Hoy... no sé, pero quizás en la periferia de los Colegios Mayores, aún sea dado encontrar algún raro ejemplar de estudiante "troiano".

Y ahora, "reporter" amigo, me excluyo del grupo para poderte decir sin excepción "a priori" que en el

orden de preparación intelectual, no cedían los "troianos" de entonces ni un ápice a quien no lo era, y salidos de la Universidad escalaban los puestos cumbres con la misma agilidad que los otros.

El reflejo de la verdad en tal caso lo hizo patente Pérez Lugin en su obra, y nosotros —los últimos "troianos" nos consolábamos con el ejemplo vivo de los Bargiela o Casás, cuyo paso por las páginas de La casa de la Troya, no mermó su prestigio intelectual de primer orden.

Esos eran los "troianos" a los que tú tratas, amigo "reporter", tan de lejos, que parece que quisieras perderlos en el recuerdo, como cosa nefanda para el de la nueva generación universitaria. Y en defensa de esos recuerdos míos he cogido hoy la pluma.

Déjanos mantener el recuerdo de entonces, sin que al ejemplo de lo que hoy pueda ser mejor lo empañe una estúpida envidia o a aquel recuerdo un tardío arrepentimiento. Sólo esto te pido.

Espera unos años; y cuando el recordar estudiantes sólo alcance a los de los Colegios Mayores, entonces, reproduce tu artículo, y a nadie se le ocurrirá, como a mí ahora, entablar esta monémica, defendiéndome torpemente frente a los argumentos que a mí mismo podría oponerme en "pro" de los medios pedagógicos modernos que tan hábilmente explotan vuestros Colegios Mayores.

No quiero discutir ni lo hago. Sólo defendiendo el recuerdo de entonces, respetado amigo "reporter"; y a cambio yo te haré una confesión claudicante: mis hijos, asistirán a vuestros Colegios Mayores, y yo mismo, si volviera a estudiar, lo haría... en La Casa de la Troya.



(Continuación de la página 17)

Entremedias do espeitago grandeiro que o mar e o vento amosan na punta de Raz, tercia o acento rumoroso dos piñeirales con unha protagonización singular. En certas horas de quietude —apagado o estrondo dos elementos— a noitevaga lúa aboia pol-o ceo verquendo silencio amigo, e regándose coa docedume manseliña dunha copiosa e silandeira Galaxia.

Evocanza final

Da nosa estado nas bisbarras fistérricas, queda aínda un levián ronsel na lembranza. O debalo, no serán, e unha das areosas costas. Esbaraba o bar sobor da aréa e alí as xebras eran como náíades. Dabamos cara o vento, i era a hora na que a sombra é longa. As rochas parecíannos meirandes, e máis escura a arfada. Anacos de coor laranxa sinalaban ventos remotos ó poente. Os cabos dende aquí sisto tiñan un praoeteo formidabre de titás. Escoltábamos, na impresionante soedade, a música filamornizada pol-o mar, o vento e os piñeiros. A paisaxe grandeira, asolada, que Ponal cantóu, erguíase de novo da nosa presenza. E ó seu esconxuro, a figuración do deus ifno que, asegún Strabón, presidía os ritos misteriosos dos celtas nas noites de luar.

SALVADOR LORENZANA

MARIANO JIMENO PÉREZ, nació en Rueda (Valladolid), en 1918, pero se crió y educó en Galicia. Estudió Derecho en Santiago de Compostela y pertenece a la Carrera Judicial. Colabora asiduamente en publicaciones profesionales y algun vez en las jóvenes revistas de poesía. Tiene en preparación "Estudios sobre el derecho foral gallego".